

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020064	Carlos Oroza	Pontevedra	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0383	Destinos turísticos	2018/2019	7	213	213

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROSA MARÍA MARCOS LEÓN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Destinos Turísticos pretende dar a coñecer ao alumnado a situación actual do planeta, con respecto ás súas diferentes temáticas humanas e sociais, para ser comprendido desde os ollos dun profesional do turismo. Dado o seu marcado carácter territorial o uso da xeografía, cartografía de espazos e de modalidades turísticas están presentes ao longo de todo o seu contido.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais:

- a) Analizar e interpretar diferentes fontes, seleccionando a información sobre a oferta turística do contorno e as axudas institucionais para estudar o potencial das diferentes áreas territoriais e do mercado turístico da zona.
- b) Realizar procesos de investigación de mercados turísticos, interpretando cada fase para deseñar e modificar produtos turísticos de base territorial rendibles e de calidade.
- d) Identificar e seleccionar información turística analizando as fontes, os medios, o nivel e os procedementos máis adecuados, para asesorar e informar turistas en puntos de información, en viaxes ou no destino, empregando polo menos o inglés e outro idioma estranxeiro.
- e) Identificar e seleccionar estratexias de comunicación, e analizar a súa adecuación a cada tipo de servizo, para asistir e guiar persoas viaxeiras nas viaxes, nos traslados ou nas visitas, empregando polo menos o inglés e outro idioma estranxeiro.
- f) Recoñecer e valorar o patrimonio natural e cultural, analizando as súas peculiaridades, para informar e conducir turistas e persoas viaxeiras.
- k) Caracterizar aplicacións informáticas e de xestión, así como as TIC, e recoñecer a súa utilidade para incrementar a eficacia dos servizos prestados.
- ñ) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas e crenzas para resolver problemas e tomar decisións.
- o) Recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, reunindo información e adquirindo coñecementos para a innovación e a actualización no ámbito do traballo.

e as competencias profesionais, personais e sociais:

- a) Estudar o potencial das áreas territoriais e do mercado turístico da zona, e detectar as axudas institucionais, analizando a información necesaria, para a súa promoción como destino.
- b) Deseñar e modificar os produtos turísticos de base territorial para satisfacer as expectativas da demanda turística, e rendibilizar os recursos e a oferta de servizos do contorno.
- d) Asesorar e informar turistas tanto en puntos de información como en viaxe ou no destino, tendo en conta as normas de protocolo básicas e empregando os medios técnicos máis adecuados en función de cada cliente, para lograr unha prestación de servizo satisfactoria e a fidelización das persoas visitantes.
- e) Guiar e asistir persoas viaxeiras durante as viaxes, nos traslados ou nas visitas, empregando as estratexias de comunicación, para conseguir a súa satisfacción.

Este ciclo formativo é importante profesionalmente polo contexto onde se desenvolve:

- O CIFP Carlos Oroza sitúase na capital das Rías Baixas, a súa área de influencia abrangue dende o norte da provincia de Pontevedra ata as Comarcas do Salnés e do Morrazo.
- Cada vez máis o sector empresarial solicítanos alumnado formado en turismo. O módulo de " Guía, información e asistencia turísticas" considérase dunha importancia especial dentro do ciclo canto que os seus contidos serán requeridos no día a día da futura vida profesional do alumnado deste ciclo.
- A intención do profesor do módulo é formar inicialmente o alumnado que curse o ciclo formativo nas normas básicas que rexerán no centro educativo en canto a deontoloxía da profesión cara o seu futuro profesional.

A programación didáctica deste módulo daráselle a coñecer ao alumnado que se matricule nel polo procedemento descrito no apartado 10.1; terase presente que o período de matrícula entenderase ata o mes de outubro polo que esta información poderase ofrecer en varios tramos: un



primeiro ao gran grupo na primeira semana do curso e outro a medida que a listaxe de alumnado sufra altas e baixas.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O destino turístico. Elementos e concepto	Nesta primeira UD falaremos do concepto de destino turístico, e dos elementos que, según a OMT, estes deben dispoñer para atraer aos turistas.	5	6
2	Turismo e xeografía	Esta UD é un tema introdutorio na que o alumnado verá a importancia da xeografía para o coñecemento integral dos destinos turísticos. Nela introduciréi ao alumnado nos principais conceptos vinculados ao módulo: xeografía, xeografía turística, espazo turístico, municipio turístico, etc. Para introducir ao grupo no sector se estudarán tamén dous organismos primordiais para o mesmo, xa que nos axudarán á análise dos destinos turísticos: a OMT e a Subdirección General de Conocimiento y Estudios Turísticos.	4	2
3	Fontes documentais e aplicacións informáticas para o estudo da xeografía turística.	A hora de facer un estudo da xeografía turística dun destino, coñecer todas as fontes de información turísticas das que dispoñemos, tanto como profesionais como turistas. Nesta UD recompilaremos todas as fontes de información necesarias para a aprendizaxe da xeografía turística.	4	2
4	Rexións e subrexións OMT	Conceptualización e distribución do mundo segundo a OMT	1	5
5	Actitudes de respecto polas razas e crenzas doutros países	Este contido do currículo trabállase permanentemente, e no momento en que se detecta calquer falta de respecto, aínda que nestes niveis se supoñen acadados.	1	5
6	Paisaxes naturais de España	Nesta UD se fará unha análise da situación xeográfica de España, a súa organización territorial e administrativa e as principais unidades de relevo: identificación da súa hidrografía e litoral así como as paisaxes, vexetación e fauna, clima, distribución da poboación e diversidade cultural; cō fin de comprender o gran potencial do país como destino turístico.	25	10
7	Principais destinos turísticos de España	Destinos turísticos culturais, deportivos, heliotrópicos, urbanos, e de grandes eventos.	68	15
8	Paisaxes naturais de Galicia	Nesta UD se fará unha análise específica da situación xeográfica de Galicia, a súa organización territorial e administrativa e as principais unidades de relevo: identificación da súa hidrografía e litoral así como as paisaxes, vexetación e fauna, clima, distribución da poboación e diversidade cultural; cō fin de comprender o seu potencial do país como destino turístico.	10	15
9	Principais destinos turísticos de Galicia	Partindo do análise por comarcas, descúbrense non só os produtos turísticos existentes, senón que tamén se aprende a descubrir aqueles que poderían ter potencial turístico pero que aínda non o son.	35	15
10	Rasgo xeográficos e históricos de Europa	Organización territorial e administrativa de Europa, situación xeográfica do continente, relieve, red hidrográfica e clima.	12	10
11	Xeografía turística do resto do mundo	Trazos distintivos	10	5
12	Principais destinos turísticos de Europa e do resto do mundo	Destinos turísticos según produtos comercializados	38	10



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O destino turístico. Elementos e concepto	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a xeografía turística de España, na que distingue a súa división administrativa e os aspectos máis salientables do seu relevo, da súa hidrografía e do seu clima.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.11 Definiuse o termo "Destino Turístico"
CA1.12 Identifícanse os elementos que configuran un destino turístico segundo a OMT.

4.1.e) Contidos

Contidos
Elementos que configuran un destino turístico segundo a OMT
Concepto de destino turístico



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Turismo e xeografía	4

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a xeografía turística de España, na que distingue a súa división administrativa e os aspectos máis salientables do seu relevo, da súa hidrografía e do seu clima.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o concepto de xeografía turística e a súa importancia para o coñecemento integral dos destinos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Concepto de xeografía turística: identificación.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Fontes documentais e aplicacións informáticas para o estudo da xeografía turística.	4

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a xeografía turística de España, na que distingue a súa división administrativa e os aspectos máis salientables do seu relevo, da súa hidrografía e do seu clima.	NO
RA2 - Identifica a xeografía turística de Galicia, na que distingue a súa división administrativa e os seus principais trazados físicos e climáticos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.10 Identifícanse os materiais e as fontes para o estudo dos destinos turísticos.
CA2.7 Identifícanse os materiais e as fontes para o estudo dos destinos turísticos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Aplicacións informáticas e outras fontes para o estudo da xeografía turística.
Aplicacións informáticas e outras fontes para o estudo da xeografía turística de Galicia.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Rexións e subrexións OMT	1

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica os principais elementos da xeografía turística de Europa e do resto do mundo, e recoñece a división política dos continentes e os seus estados, así como o relevo, a hidrografía e o clima.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense as funcións da Organización Mundial do Turismo (OMT) no contexto da división territorial dos países en rexións e subrexións.
CA3.2 Identifícanse e localízanse as rexións e as subrexións turísticas da OMT.

4.4.e) Contidos

Contidos
Organización Internacional do Turismo (OMT): concepto e funcións. Rexións e subrexións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Actitudes de respecto polas razas e crenzas doutros países	1

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica os principais elementos da xeografía turística de Europa e do resto do mundo, e reconece a división política dos continentes e os seus estados, así como o relevo, a hidrografía e o clima.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.10 Valorouse a pluralidade de linguas, culturas, costumes, ritos e crenzas de Europa.

4.5.e) Contidos

Contidos
Actitude de respecto polas razas, as crenzas e os elementos diferenciadores destes países.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Paisaxes naturais de España	25

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a xeografía turística de España, na que distingue a súa división administrativa e os aspectos máis salientables do seu relevo, da súa hidrografía e do seu clima.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícase a organización territorial e administrativa de España, e distínguense as comunidades autónomas, as provincias e as comarcas máis representativas, e os concellos turísticos máis destacables, así como a súa localización xeográfica.
CA1.3 Identifícanse e describíronse as características, as unidades físicas e os accidentes xeográficos no relevo de España.
CA1.4 Identifícanse os principais elementos característicos da hidrografía e do litoral.
CA1.5 Identifícanse e describíronse as paisaxes características e a vexetación autóctona, así como os principais espazos naturais protexidos.
CA1.6 Identifícanse e describíronse as características xerais do clima de España.
CA1.7 Analízase a distribución da poboación en España.
CA1.8 Identifícanse os principais elementos característicos das culturas e dos pobos de España.
CA1.9 Valórase a pluralidade de linguas, culturas, costumes, ritos e crenzas das comunidades autónomas españolas.

4.6.e) Contidos

Contidos
Respecto polas crenzas, as linguas e os elementos diferenciais das comunidades autónomas.
Organización territorial e administrativa: concepto e identificación de autonomía, rexión, provincia, comarca e concello.
Relevo: características e unidades físicas.
O clima: factores e tipos de clima
Hidrografía e o litoral. Denominación turística das costas.
Vexetación, paisaxes características e espazos naturais.
Demografía: distribución da poboación.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Principais destinos turísticos de España	68

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica os principais destinos turísticos de España, e describe e valora os seus recursos e súa oferta turística.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Localizáronse xeograficamente destinos turísticos.
CA4.2 Caracterizáronse os destinos turísticos españois atendendo á súa especialización turística.
CA4.3 Recoñeceuse a oferta turística máis salientable en cada tipo de destinos.
CA4.4 Identificáronse nos destinos os recursos culturais, naturais e doutro tipo.
CA4.5 Seleccionáronse os destinos máis destacables atendendo a factores comerciais, pola tendencia ou promocionais.
CA4.6 Identificouse a coincidencia de tipoloxías turísticas nun mesmo destino.
CA4.7 Utilizáronse diversas fontes de información.

4.7.e) Contidos

Contidos
Destinos españois de sol e praia: centros turísticos litorais peninsulares e insulares.
Destinos culturais: rutas culturais, enoloxía, festas, ritos e costumes. Rutas culturais; gastronomía e enoloxía; festas, ritos e costumes. Patrimonio mundial da humanidade en España
Destinos urbanos: oferta turística nas cidades; concellos turísticos; congresos, negocios, reunións e incentivos.
Destinos rurais e de natureza.
Destinos de espazos lúdicos e de lecer.
Destinos deportivos (de golf, náuticos, ecuestres, de aventuras e de neve), de saúde e de beleza.
Grandes eventos nos destinos.



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Paisaxes naturais de Galicia	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica a xeografía turística de Galicia, na que distingue a súa división administrativa e os seus principais trazados físicos e climáticos.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícase a organización territorial e administrativa de Galicia, e distínguense as súas comarcas máis representativas e os concellos turísticos máis destacables, así como a súa localización xeográfica.
CA2.2 Identifícanse e describíronse as características, as unidades físicas e os accidentes xeográficos máis salientables no relevo de Galicia.
CA2.3 Identifícanse os principais elementos característicos da hidrografía e do litoral.
CA2.4 Identifícanse e describíronse as paisaxes características e a vexetación autóctona, así como os principais espazos naturais protexidos.
CA2.5 Identifícanse e describíronse as características xerais do clima de Galicia.
CA2.6 Analízase a distribución da poboación en Galicia.

4.8.e) Contidos

Contidos
Organización territorial e administrativa: concepto de comarca e a súa identificación en Galicia.
Relevo: características e unidades físicas de Galicia.
Hidrografía e o litoral de Galicia.
Vexetación, paisaxes características e espazos naturais protexidos de Galicia.
O clima galego.
Demografía: distribución da poboación en Galicia.



4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Principais destinos turísticos de Galicia	35

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Identifica os principais destinos turísticos de Galicia, e describe e valora os seus recursos e a súa oferta turística.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Localizáronse xeograficamente os principais destinos turísticos de Galicia.
CA5.2 Recoñecéronse os trazos diferenciais da oferta turística de Galicia.
CA5.3 Caracterizáronse os destinos turísticos galegos atendendo á súa especialización turística.
CA5.4 Identificáronse nos destinos os recursos culturais, naturais e doutro tipo.
CA5.5 Seleccionáronse os destinos máis salientables atendendo a factores de mercado.
CA5.6 Utilizáronse diversas fontes de información.

4.9.e) Contidos

Contidos
Destinos turísticos do litoral.
O Camiño de Santiago.
Destinos urbanos: principais cidades e vilas turísticas de Galicia.
Destinos de espazos lúdicos e de lecer: destinos asociados a festas de interese turístico.
Destinos asociados a ofertas turísticas específicas: termalismo, golf, turismo náutico, congresos e convencións, cruceiros, turismo activo, etc.



4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Rasgo xeográficos e históricos de Europa	12

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica os principais elementos da xeografía turística de Europa e do resto do mundo, e recoñece a división política dos continentes e os seus estados, así como o relevo, a hidrografía e o clima.	NO
RA6 - Identifica os principais destinos turísticos de Europa e do resto do mundo, e describe e valora os seus recursos e a súa oferta turística.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Analízase a organización política e territorial de Europa.
CA3.4 Identifícase as principais unidades físicas de Europa.
CA3.5 Distingúronse e localízanse xeograficamente os países comunitarios e os non comunitarios, así como os territorios dependentes de dentro e fóra de Europa.
CA3.6 Descríbense os elementos e as características máis salientables e representativas do relevo, a hidrografía e o litoral europeos.
CA3.7 Descríbense as unidades físicas, as paisaxes e a vexetación máis destacables, así como os principais espazos naturais protexidos e as características xerais do clima europeo.
CA3.9 Analízanse as características máis sobresaíntes das culturas e dos pobos de Europa.
CA6.4 Identifícanse nos destinos internacionais os recursos culturais, naturais e doutro tipo.

4.10.e) Contidos

Contidos
Organización política e territorial de Europa: países comunitarios e non comunitarios, e os seus territorios dependentes dentro e fóra de Europa.
Unidades físicas europeas: relevo, hidrografía e litoral.
Vexetación, paisaxe, espazos naturais e climas europeos.
Diversidade cultural europea: culturas, pobos e linguas.
Actitude de respecto polas razas, as crenzas e os elementos diferenciadores destes países.



4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Xeografía turística do resto do mundo	10

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica os principais elementos da xeografía turística de Europa e do resto do mundo, e recoñece a división política dos continentes e os seus estados, así como o relevo, a hidrografía e o clima.	NO

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Descríbense as características máis destacables do relevo, a hidrografía, a vexetación, o clima e a diversidade cultural do resto de rexións e subrexións do mundo.
CA3.8.1 Descríbense as características máis destacables do relevo do resto de rexións e subrexións do mundo.
CA3.8.2 Descríbense as características máis destacables da hidrografía do resto de rexións e subrexións do mundo.
CA3.8.3 Descríbense as características máis destacables da vexetación do resto de rexións e subrexións do mundo.
CA3.8.4 Descríbense as características máis destacables do climado resto de rexións e subrexións do mundo.
CA3.8.5 Descríbense as características máis destacables da diversidade cultural do resto de rexións e subrexións do mundo.

4.11.e) Contidos

Contidos
Xeografía turística do resto do mundo: trazos distintivos do relevo, a hidrografía, a vexetación, o clima e a diversidade cultural das rexións e das subrexións da OMT (agás Europa).
Actitude de respecto polas razas, as crenzas e os elementos diferenciadores destes países.



4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Principais destinos turísticos de Europa e do resto do mundo	38

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Identifica os principais destinos turísticos de Europa e do resto do mundo, e describe e valora os seus recursos e a súa oferta turística.	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Localizáronse os principais destinos turísticos internacionais.
CA6.2 Caracterizáronse os destinos turísticos internacionais atendendo á súa especialización turística.
CA6.3 Recoñeceuse a oferta turística máis destacable en cada tipo de destino internacional.
CA6.4 Identificáronse nos destinos internacionais os recursos culturais, naturais e doutro tipo.
CA6.5 Seleccionáronse os destinos máis salientables atendendo a factores comerciais, pola tendencia ou promocionais.
CA6.6 Identificouse a coincidencia de tipoloxías turísticas nun mesmo destino.
CA6.7 Utilizáronse diversas fontes de información.

4.12.e) Contidos

Contidos
Destinos de sol e praia: centros turísticos litorais continentais e insulares.
Destinos culturais: rutas culturais; Patrimonio da Humanidade; gastronomía e enoloxía; festas, ritos e costumes. Rutas culturais; gastronomía e enoloxía; festas, ritos e costumes. Patrimonio mundial da Humanidade.
Destinos urbanos: oferta turística nas cidades (negocios, reunións, congresos e incentivos).
Destinos rurais e de natureza.
Destinos de espazos lúdicos e de lecer.
Destinos deportivos (de golf, náuticos, ecuestres, de aventuras e de neve), de saúde e de beleza.
Grandes eventos nos destinos.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para a superación final do módulo a cada alumno/a pediráselle a consecución dos mínimos esixibles en cada unha das unidades didácticas do módulo formativo.

Nas avaliacións ordinarias, cada unidade didáctica terá unha cualificación de 1 e 10. A cualificación componse da seguinte maneira:

- 40% Probas escritas, tipo test que podan incluír preguntas con resposta única, resposta múltiple, de verdadeiro ou falso, de enlazar, de localización, probas de preguntas de desenvolvemento, supostos teóricos-prácticos, traballos de campo(individuais ou en grupo), presentacións na aula e preguntas de tipo oral. (A cualificación total deste apartado resultará da realización da media ponderada entre as probas realizadas en cada trimestre)

- 60% Traballos individuais ou en grupo, así como presentacións orais cando corresponda, simulacións tipo role playing, gravacións de voz ou vídeo, deseño ou manexo de materiais, novas tecnoloxías, materiais de apoio, documentación e software específicos, aplicación das habilidades comunicativas ou destrezas narrativas, descritivas e de capacidades de síntese.

Considerarase positiva a avaliación parcial ou final do alumnado cando a nota é igual ou superior aos 5 puntos.

A avaliación será continua, avaliando de xeito continuado ao alumnado e considerando o seguinte:

- Realizarase unha avaliación por trimestre según o calendario escolar do centro,

- Cada unha das probas cualificaranse ata 10 puntos, partindo de que a puntuación final mínima é de 1

Para a superación das mesmas, deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos en cada unha das probas. Esta nota dividirase entre o número de probas orais e escritas, traballos, exercicios..., propostos en cada avaliación, tendo en conta que a puntuación da nota variará según os contidos e as probas feitas en cada trimestre. Por debaixo da cualificación de 3 non se fará media co resto das probas, polo que a nota dese trimestre será de non aprobado, dado que cada unha das probas está deseñada tendo en conta os contidos mínimos a acadar. -Non se realizarán recuperacións parciais por trimestre das partes dos contidos mínimos non acadados ata o período establecido no calendario escolar.

Faranse probas de recuperación unicamente das probas non superadas respectando as notas obtidas nas outras probas das diferentes avaliación.

-En ningún caso serán avaliados traballos fóra de prazo, nin lecturas literais de textos.

Mínimos esixibles:

Contidos mínimos Identificación, localización e descripción de:

1. Destino turístico. elementos que,según a OMT, estes deben dispoñer para atraer aos turistas.
2. Turismo e xeografía: Introducción a importancia da xeografía para o coñecemento integral dos destinos turísticos. Introducción aos principais conceptos vinculados ao módulo: xeografía, xeografía turística, espazo turístico, municipio turístico, etc.
3. Fontes documentais e aplicacións informáticas para o estudo da xeografía turística: Á hora de facer un estudo da xeografía turística dun destino, coñecer todas as fontes de información turísticas das que dispoñemos, tanto como profesionais como turistas.
4. Paisaxes naturais de España: as principais unidades de relevo: identificación e localización da súa hidrografía e litoral así como as paisaxes, vexetación e fauna e diversidade cultural; có fin de comprender o gran potencial do país como destino turístico.
5. A organización territorial e administrativa de España: CCAA, Provincias, concellos, denominacións xeoturísticas.
6. Organización territorial e administrativa de Galicia: Comarcas e concellos.
7. Unidades físicas do relevo e accidentes xeográficos galegos: Montañas, insuas, etc.
8. Elementos da hidrografía e do litoral galego: Ríos, cabos, golfos, rías,etc.
10. Espazos naturais e vexetación autóctona galega: P.N, ENP, zonas Ramsar, ZEPA, ZEC, LIC,etc
11. Principais destinos turísticos de Galicia
12. Rexións e subrexións OMT: Conceptualización e distribución do mundo segundo a OMT
13. Organización política e territorial de Europa: Países comunitarios e non comunitarios.



14. Principais destinos turísticos de España, Europa e do resto do mundo: Destinos turísticos según produtos comercializados.
15. Unidades físicas do relevo, hidrografía e litoral europeo: Ríos, cabos, golfos, rías, montañas, depresións, etc.
16. Espazos naturais e vexetación autóctona de Europa: Influencia do clima na paisaxe
17. Diversidade cultural europea: Diferencias e similitudes entre países
18. Actitudes de respecto polas razas e crenzas doutros países: Este contido do currículo trabállase permanentemente, e no momento en que se detecta calquer falta de respecto, aínda que nestes niveis se supoñen acadados.
20. Destinos turísticos culturais, deportivos, heliotrópicos, urbanos, e grandes eventos en España como elementos revitalizadores: Festas, ritos e costumes, golf, tmo. náutico, neve e saúde e beleza.
21. Destinos turísticos patrimonio da humanidade: Destinos culturais recoñecidos pola UNESCO e roteiros culturais.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os criterios de recuperación serán:

- Finalizado o curso faranse actividades de recuperación das partes non superadas, non se realizarán recuperacións parciais por trimestre das partes dos contidos mínimos non acadados ata o período establecido no calendario escolar.
- O alumnado deberá ter entregado aqueles exercicios, supostos, traballos prácticos que a profesora estableza no período de recuperación. (40%)
- A profesora realiará unha proba escrita con preguntas de tipo test que podan incluír preguntas con resposta única, resposta múltiple, de verdadeiro ou falso, de enlazar, de localización, probas de preguntas de desenvolvemento, supostos teóricos-prácticos para avaliar os coñecementos teórico prácticos de xeito individual ao alumnado. (60%)
- Si o alumnado non superase ditas probas estará suspenso, aplicándose o disposto no proxecto curricular sobre criterios de promoción do alumnado.

Ao alumnado de 2º que teña o módulo pendiente a profesora lles propondrá unha serie de actividades de recuperación: cuestionarios, traballos de investigación, resolución de supostos que terán que ser entregados ao longo dos dous primeiros trimestres do curso e nas datas fixadas pola profesora, así como unha proba tipo test sobre os contidos do módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda do dereito á avaliación continua deberá realizar unha proba de avaliación que terá como referente a totalidade dos mínimos esixibles. Esta proba terá carácter teórico e práctico, escrita e oral, poderá estar dividida en tantas partes coma o profesor considere necesario. Ao alumnado que presente PD permitiráselle a realización das mesmas probas co resto dos alumnos/as do módulo. Estas probas poderán ser cualificadas ou non segundo o criterio da profesora, e a casuística que haxa orixinado o PD.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para o seguimento da programación seguirase o procedemento establecido según indican os procesos de xestión da calidade. Os principais



indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados acadados e as dificultades atopadas no desenvolvemento desta.

A titora do grupo, seguindo o procedemento de calidade, pasará unha enquisa tipo ao alumnado.

Alén do anterior a profesora pasará un cuestionario para si propia para a avaliación da práctica docente, recabando información a través de cuestións periódicas ao alumnado, na que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, e técnicas de avaliación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumnado, a actitude coa que se enfrenta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir. Para a súa aplicación empregaranse:

- Cuestionario de motivación inicial. Os indicadores deste cuestionario son: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo. Tendo en conta que se trata do segundo ano do ciclo, inclúense cuestións como actividades profesionais realizadas no sector e outras que se consideren relevantes.
- Cuestionario de coñecementos iniciais. Baseado nos contidos do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades proponendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 De acordo con artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, "o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustificuen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral".

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ademais dos contidos desenvolvidos en cada unidade, hai outros contidos que se tratarán ao longo de todo o curso, e como tales non se poden adscribir a unha soa unidade ou bloque didáctico.

Os temas transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta a súa globalidade; non se trata pois dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos



da aprendizaxe sumamente globalizados.

Os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Entre os temas transversais que teñen unha presenza máis relevante nesta materia destácanse:

- Educación para a saúde: apreciar a importancia de traballar, en calqueira ámbito e sobre todo no sector da hostalaría e turismo, de maneira ordenada, pulcra e precisa.
- Educación do consumidor: sensibilizar ao alumnado no consumo responsable creando unha conciencia crítica.
- Educación ambiental: descubrir, apreciar e valorar a importancia da natureza e do medio, sensibilizando no aforro enerxético, reciclaxe do material funxible e sostenibilidade.
- TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades complementarias encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar desde o centro:

- Colaboración con outros módulos como...
- Saldas complementarias a diferentes recursos e destinos turísticos ao longo do curso escolar como: Visita a Campolameiro, visita a Santiago de Compostela,

Actividades extraescolares

- Visita a FITUR: Feira internacional turismo que se celebrará en Madrid en Febreiro, data a concretar.

10. Outros apartados

10.1) Información ao alumnado sobre aspectos básicos da programación

O profesor do módulo informará ao alumnado matriculado durante a primeira semana do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

- Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada
- Criterios xerais de cualificación e normas básicas
- Proceso de recuperación, de selo caso
- Actividades previstas durante o curso escolar

Esta comunicación realizarase verbalmente, expoñendoa na aula con todo o grupo.

O alumnado terá acceso a unha copia da programación (versión alumnado) xerada pola aplicación informática que estará a súa disposición na páxina web, blog do centro educativo (en formato arquivo informático).



10.2) Anexo 1

Exemplo de avaliación inicial

1. ¿Qué é para ti un destino turístico?
2. Enumera varios destinos turísticos que coñezas.
3. Describe un dos destinos enumerados no apartado anterior.
4. Enumera os elementos que dan forma a ese destino.
5. Localiza nun mapa:

- A Ribeira Sacra
- A Mariña Oriental
- Benidorm
- Barcelona
- Parque Nacional del Timanfá
- Salamanca
- Toledo
- Santiago de Compostela
- Sevilla
- Tenerife
- Fuerteventura
- Ibiza
- Menorca
- Parque nacional de Sierra Nevada

10.3) Anexo 2

Exemplo de proba de PD

1. Características do turismo heliotrópico. ¿Qué destinos europeos compiten con España por el mercado heliotrópico? Enumera y localiza en el mapa las costas turísticas de España. Identificando sus principales núcleos de población y playas turísticas.
2. Relaciona las siguientes ciudades con sus recurso o recursos

- 1 Sevilla
- 2 Santiago de Compostela
- 3 Oviedo
- 4 Soria
- 5 León
- 6 Toledo
- 7 Mallorca
- 8 Salamanca
- 9 Mérida
- 10 Jaén



- 11 Valencia
- 12 Figueres
- 13 Málaga
- 14 Murcia
- 15 Córdoba
- 16 Lorca
- 17 Ronda
- 18 La Palma
- 19 Ibiza
- 20 Mallorca

- a) Carballóns
- b) Basílica-Pateón de San Isidoro
- c) El giraldillo
- d) Medina Azahara
- e) Mezquita Catedral
- d) Ruta literaria de la Regenta
- f) Museo Lis
- g) Museo Dalí
- h) Museo Picaso
- I) Cueva del Moro
- J) Caravaca de la Cruz
- K) Fortaleza del sol
- L) Hermita de San Saturio
- M) Casa de Troya
- N) Caldera del Taburiente
- Ñ) Ciudad de las artes y las ciencias
- O) Yacimiento fenicio de Sa Caleta
- P) Santa María la Blanca
- Q) Paque natural de Cazorla
- R) Cuevas del Drach

3) Señala en el mapa los Límites geográficos, Puntos Extremos de España y analiza la importancia del su valor turístico debido a su situación geográfica estratégica

4) El turismo de naturaleza en Costa Rica.